

Compostela, 12-4-53

Sr. D. César Alvarez
París.

Mei distinguido conterraneo:

Fai uns días recibín carta de D. Ramón Cabanillas explicándome o plan que vostede ten de editar ahí en París unha antoloxía da poesía galega de acento máis baril e pedindo que lle enviásemos materiais pra vostede facer ahí a escolma pertinente. De acordo cos desexos de D. Ramón, hoxe envío lle copiados algúns poemas que quizabes non teña ahí a man por aí algún lle valera pra o seu patriótico fin!

O mesmo día que recibín ee carta de D. Ramón escribí a Vigo a un amigo que ten preparada unha ampla antoloxía de lírica galega do XIX e do XX pra que copie aqúelas poemas que mellor cadran co-a edición que vostede prepara. Dentro de poucos días seránlle remitidos a vostede. Tamén lle serán remitidos as publicacións da editorial "GALAXIA" pra que vostede conosa o desenvolvemento cultural das letras galegas n-estes derradeiros tempos.

Reciba a máis cordial felicitación pola súa patriótica iniciativa e un saúdo garimoso d-este seu paísin e n.º.

Ramón Piñeiro